



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA 2018 DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EMPREENDEDORAS NA REDE DE ESPAZOS DE TRABALLO COMPARTIDO DO CONCELLO DO CARBALLIÑO – COWORKING.

Base 1. Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación

O obxecto das presentes bases é regular as condicións que rexerán a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a facilitar ás pequenas empresas de recente creación, a ubicación e consolidación en espazos de coworking situados no municipio de O Carballiño.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o desenvolvemento das actividades emprendedoras na rede de espazos de traballo compartido e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas beneficiarias obxecto desta subvención.

Base 2. Requisitos dos/as beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias das subvencións contempladas nas presentes bases as persoas físicas e xurídicas privadas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que exerzan unha actividade económica e cumpran os seguintes requisitos segundo a Base 9:

1. Domicilio social e fiscal no concello de O Carballiño.
2. Actividade dada de alta no imposto de actividades económicas de O Carballiño, con menos de catro anos de antigüidade.
3. Desenvolvemento directo da actividade en réxime de aluguer, nun centro privado situado no municipio de O Carballiño que cumpra os requisitos recolleitos na base 3.
4. Non dispoñer de locais en propiedade para o desenvolvemento da actividade.
5. Non estar vinculadas ou participadas en máis dun 25 por cento por empresas que non reúnan algún dos requisitos anteriormente expostos.
6. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello do Carballiño e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para a mesma finalidade.
10. Presentar memoria xustificativa do proxecto empresarial da actividade que se pretende desenvolver segundo modelo proporcionado no anexo III.

Base 3. Requisitos da localización

O/a titular do espazo de coworking ou centro de empresas de O Carballiño onde desenvolva a actividade a empresa solicitante da subvención, deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Domicilio social e fiscal no municipio de O Carballiño.
2. Desenvolver directamente a súa actividade económica no municipio de O Carballiño.
3. Non estar a actividade principal da empresa arrendadora dos espazos de coworking ou centro de empresas, incluída nalgún dos seguintes epígrafes do imposto de actividades económicas (IAE):



- Grupo 861.2: aluguer de locais industriais e outros alugueres ncop.
- Grupo 799: outros profesionais relacionados coas actividades financeiras, xurídicas, de seguros e de alugueres, ncop.
- 4. Con carácter xeral determinarase cal é a actividade principal atendendo á superficie útil destinada á mesma.
- 5. Colaborar e participar nas xornadas informativas, formativas, ou doutro tipo que se organicen na rede de centros de empresas da cidade de O Carballiño, así como, difundir as mesmas ás empresas aloxadas nos citados espazos.
- 6. Trátase de centros de empresas ou espazos coworking de titularidade privada que non reciban financiamento público para o seu funcionamento.
- 7. Ter unha carteira de servizos engadidos a prestar ás empresas aloxadas nos espazos de coworking ou centros de empresas. Dispoñer de:
 - Postos de traballo individuais compostos por:
 - Mesa
 - Cadeira
 - Estantería
 - Armario
 - Conexión ADSL a Internet
 - Acceso a sala de reunións
 - Acceso a sala de videoconferencia
 - Servizo de recepción e secretaría: recepción de visitas, recollida de correspondencia e atención de chamadas
 - Servizo de scanner, impresora e fotocopiadora
 - Espazo climatizado
 - Espazo videovixiado
 - Cociña comunitaria
 - Horario ininterrompido
 - Acceso a espazos de formación, charlas e seminarios
 - Inclusión de auga, luz, limpeza e calefacción

Base 4. Gastos subvencionables

Será obxecto de axuda dentro do marco da presente convocatoria a ubicación por parte de persoas físicas e xurídicas privadas, que cumpran os requisitos recollidos na base 2, nun espazo de coworking ou centro de empresas que cumpra os requisitos da base 3. Será tamén subvencionable a adquisición de material informático por un máximo de 300 euros.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido na presente convocatoria. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o 01 de xaneiro de 2018 ata a finalización do período de xustificación determinado na presente convocatoria (30.11.2018).

Base 5. Dispoñibilidade orzamentaria e contía máxima a outorgar.

As subvencións previstas na presente convocatoria abonaranse con cargo á partida 241.11.480.00 Programa de Iniciativas de apoio ó Emprendedor para o ano 2018, por un importe de 7.500 euros

O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva.

En todo caso, só se tramitará un expediente de axuda por empresa e ano polos conceptos recollidos nestas bases.



A subvención por empresa será dun máximo de 1.500 euros, repartidos nun montante de 1.200 euros para o aluguer do local, e de 300 euros para a adquisición de equipamento informático.

Terán a consideración de gastos subvencionables, os importes netos abonados en concepto de aluguer e de adquisición de equipamento informático correspondentes ao período comprendido entre o 1 de Xaneiro de 2018 e o 30 de Novembro de 2018.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Base 6. Criterios de valoración

Valoraranse, á hora da baremación, os seguintes criterios que se cumpran na data de publicación das bases desta convocatoria:

1. Antigüidade do proxecto: ata 4 puntos.
 - Empresas con menos dun ano de antigüidade: 4 puntos
 - Empresas cunha antigüidade dun ano e menos de dous anos: 3 puntos
 - Empresas cunha antigüidade de dous e menos de tres anos: 2 puntos
 - Empresas cunha antigüidade de tres e menos de catro anos: 1

2. Número de promotores: ata 4 puntos.
 - Un promotor: 4 puntos
 - Dous promotores: 3 puntos
 - Tres promotores: 2 puntos
 - Catro ou máis promotores: 1 punto

3. Promotores que creen o seu posto de traballo: Máximo 10 puntos.
 - Polo primeiro promotor que crea o seu posto de traballo: 2 puntos
 - Por cada promotor que crea o seu posto de traballo a partir do segundo: 1 punto

4. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo: Máximo 20 puntos.

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas: 2 puntos.

 - Persoa desempregada de longa duración¹
 - Que sexa o seu primeiro emprego
 - Menor de 30 anos
 - Maior de 45 anos
 - Muller
 - Discapitado/a²
 - Persoa pertencente a colectivos en risco de exclusión social³
 - Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio⁴
 - Persoa que forme unha familia monoparental⁵
 - Persoa que forme unha familia numerosa⁶

¹ *Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 meses dos anteriores 16, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25 anos.*

² *A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental. A estes efectos, ten a condición de persoa con discapacidade aquela a que se lle recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*

³ *Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia, ou as persoas que teñan o certificado emitidos polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de*



inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.

⁴ *Acreditarase esta condición mediante a certificación do Servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

⁵ *Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da Lei 3/2011 de 30 de Xuño de Apoio á Familia e a Convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto.*

⁶ *Considerarase familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de Novembro de Protección das Familias Numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

5. Número de postos de traballo creados por conta allea de tres ou máis meses de duración: Máximo 20 puntos.

Por cada emprego por conta allea creado: 2 puntos.

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación

6. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias: 2 puntos

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

No caso de que dous ou máis solicitantes acaden a mesma puntuación e só houberse crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo por conta allea.

2º. Puntuación máis alta no apartado de promotores que creen o seu posto de traballo.

3º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras autoempregadas.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houberse orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Base 7. Obrigacións dos/as beneficiarios/as

Os/as beneficiarios/as estarán obrigados/as a:

1. Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro e/ou que corresponden á Intervención Xeral do mesmo.
2. Comunicar ao Concello a modificación de calquera circunstancia tanto obxectiva como subxectiva que fose tida en conta para a concesión da subvención.
3. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, ante a Seguridade Social e ante o Concello do Carballiño.
4. Facilitar ao Departamento de Promoción Económica tanta información e/ou documentación complementaria considérese necesaria para a comprensión e avaliación da solicitude de axuda.



5. Comunicar ao órgano concedente a solicitude e/ou a obtención doutras axudas ou subvencións que financien os gastos subvencionados.
6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Exercer a actividade económica obxecto de axuda durante polo menos dous anos a partir da data de concesión da subvención. En caso de cesamento da actividade en prazo inferior ao sinalado, a empresa beneficiaria deberá comunicalo ao Concello e proceder ao reintegro ou devolución proporcional da subvención concedida e abonada, en función do tempo pendente de transcorrer dende a data do cesamento da actividade ata a data en que se completaron os dous anos, contabilizados a partir da data de concesión da subvención. Excepcionalmente, non se solicitará a devolución precitada en caso de peche do negocio por enfermidade grave ou falecemento do titular.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
9. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello do Carballiño, segundo o Anexo IX aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición na área de Promoción Económica para todos/as aqueles/as que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2018, publicitarase que o Concello do Carballiño colaborou no financiamento dos gastos. O cartel informativo deberá estar exposto ata a seguinte convocatoria da mesma subvención ou axuda, ou no seu defecto, un ano a contar dende a data de publicación da presente convocatoria e bases reguladoras.

Base 8. Incompatibilidade con outras axudas e subvencións

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais. As axudas non poderán acumularse a ningunha outra axuda polos mesmos gastos subvencionados.

Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ao Concello do Carballiño a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento que coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe da subvención ou subvencións percibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, xa que neste caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003, 17 de Novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Base 9. Presentación de solicitudes. Forma e Prazo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas
- Quen exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Os/as solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro Xeral do Concello do Carballiño, ou calquera dos lugares e



registros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderá optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello do Carballiño, e por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente será de quince días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

A presentación de solicitude por parte das persoas interesadas implicará a aceptación do contido destas bases.

Base 10. Documentación preceptiva

As solicitudes de subvención reguladas polas presentes bases deben presentarse segundo o establecido na Base 9 e deben vir acompañadas da seguinte documentación:

- Impreso de solicitude: ANEXO I
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos: ANEXO II
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial: ANEXO III
- Declaración responsable de número de persoas empregadas: ANEXO IV
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria: ANEXO V
- Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de mínimos: ANEXO VI
- Declaración responsable do cumprimento dos criterios de avaliación: ANEXO VII
- En caso de persoa física: fotocopia cotexada do DNI
- En caso de persoa xurídica: Fotocopia cotexada do número de identificación fiscal
- Fotocopia cotexada das escrituras de constitución da empresa.
- Fotocopia cotexada dos poderes de representación.
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa con poderes de representación.
- Comprobarase de oficio se o/a solicitante atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello de O Carballiño.
- Certificado IBAN a nome do/a beneficiario/a.
- Alta no IAE do/a solicitante ou documento equivalente.
- Vida laboral de promotores autoempregados e xustificante de pago da cuota de autónomos.
- Certificación de estar ao corrente coas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (Consellería de Facenda), Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e Tesorería da Seguridade Social.
- Contrato de arrendamento asinado entre o centro de coworking ou centro de empresas e a persoa física ou xurídica solicitante da axuda e fotocopia cotexada do mesmo.
- Certificado de Catastro.
- Documentación complementaria, se procede, a efectos de baremación segundo o punto 4 da base 6ª.
- No caso de persoal contratado, copia cotexada do/s contrato/s rexistrados no Servizo Público de Emprego (SPEG).
- Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade,...).
- Outros certificados e/ou documentos que o solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Base 11. Corrección de deficiencias

Se as solicitudes de subvención non reúnen os requisitos esixidos nas presentes bases, ou non se acompañase á mesma a documentación esixida, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, requirirase ás persoas interesadas para que, nun prazo de 10 días naturais, emenden as faltas ou acompañen os documentos



preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, entenderanse por desistidas da súa petición, arquivándose sen máis trámites, cos efectos previstos no artigo 21.1 do mesmo texto legal.

Base 12. Procedemento

Corresponde ao Departamento de Promoción económica a xestión das axudas previstas nas presentes bases, a cuxo efecto se constituirá unha Comisión de Selección e Seguimento integrada pola concelleiro da área de promoción económica, un membro de cada grupo con representación na corporación do concello do Carballiño, un técnico do departamento de Economía, actuando como secretario un traballador do departamento de Promoción Económica.

O procedemento de concesión destas axudas será o de concorrencia competitiva prevista no artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, de modo que se realizará unha comparación dos proxectos presentados, a fin de establecer unha prelación entre os mesmos, de acordo cos criterios de valoración fixados na Base 6.

A concesión ou denegación das axudas realizarase, previa proposta da comisión de selección e seguimento, mediante resolución do concelleiro delegado do Departamento de Promoción Económica.

A resolución que recaia poñerá fin á vía administrativa, podéndose recorrer potestativamente en reposición en virtude do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade ao disposto nos artigos 42 e 45 da Lei 39/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na presente convocatoria de axudas as notificacións da resolución da convocatoria, serán substituídas por publicación no BOP, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Taboleiro de Editos, e na páxina web do Concello.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

O prazo máximo para resolver O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

Base 13. Xustificación

O prazo para a xustificación das axudas rematará o día 30 de Novembro de 2018, podendo concederse unha prórroga ata o 15 de decembro se así o solicitan. De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subsrita polo/a representante na que solicite a xustificación da subvención outorgada.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
 - Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
 - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) segundo o Anexo VIII.
 - Xustificantes bancarios de pago do arrendamento subvencionado, así como facturas orixinais de compra do material informático e xustificantes bancarios de pago das mesmas, e/ou demais documentos de valor probatorio equivalentes no eido mercantil ou laboral.



- No caso de ter persoal asalariado, RNT dos meses relacionados co persoal declarado neste programa.
- No caso de promotores autoempregados, recibo de pago de autónomos do último mes.
- Declaración responsable do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada incluída no Anexo VIII.
- Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación das actividades subvencionadas.
- De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
- No caso de non estar vixentes as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e ante a Tesourería da Seguridade Social, será preciso que acompañe a xustificación cos correspondentes certificados actualizados.

c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida.

Non se admitirán xustificantes bancarios de pago que non recollan os datos mínimos para poder identificar claramente que o pago da factura foi realizado pola empresa solicitante á provedora. Con carácter xeral, tampouco se admitirán como xustificantes os obtidos a través de internet se non están validados/selados pola entidade bancaria.

Se realizada a actividade e finalizado o prazo de xustificar, pagouse só unha parte dos gastos en que se incorreu, a efectos de perda do dereito ao cobro, aplicarase o principio de proporcionalidade.

Os/as beneficiarios/as poderán solicitar a devolución das facturas orixinais presentadas á área xestora da subvención, que procederá ao estampillado da factura orixinal. Neste caso, indicarse no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A alteración das condicións tidas en conta para concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución.

Base 14. Forma de pago

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da concellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada. O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.
2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e co Concello do Carballiño, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.
3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.
4. Así mesmo, lémbrese que os/as beneficiarios/as están obrigados/as a comunicar ao órgano concedente



a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Base 15. Publicidade

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Axudas para o desenvolvemento de actividades emprendedoras na rede de espazos e traballo compartido" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello do Carballiño (www.carballino.gal/es), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello do Carballiño (www.carballino.gal/es).

As subvencións concedidas publicarase na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios, e se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Base 16. Control, avaliación, inspección

O Concello de O Carballiño, a través do seu Departamento de Promoción Económica, poderá realizar as accións de control e avaliación que estime oportunas en relación coa correcta aplicación das axudas concedidas aos fins previstos, debendo achegar aos/ás beneficiarios/as canta información complementaria se lles solicite.

Base 17. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións aterase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº49, de 2 de Marzo do 2015).

Base 18. Reintegro das axudas

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a esixencia dos intereses legais que correspondan desde o momento do pago da subvención, cando aos/ás beneficiarios/as das axudas incumpran as condicións establecidas nas presentes bases, na resolución de concesión e nas demais normas que resulten de aplicación; todo iso sen prexuízo das accións que procedan como consecuencia do incumprimento.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público para os efectos legais pertinentes. Cando no exercicio das funcións de xestión, control ou inspección dedúzanse indicios da incorrecta obtención ou goce da subvención, farase constar no expediente e, na súa virtude, poderase acordar a adopción das medidas cautelares que en cada suposto correspondan.

Base 19. Procedemento de reintegro

Será competente para iniciar o expediente e, no seu caso, adoptar a resolución de esixencia do reintegro, o órgano que concedeu a subvención.

O procedemento poderá iniciarse de oficio, a instancia de órgano competente ou de persoa interesada.



**CONCELLO
DO CARBALLIÑO
(OURENSE)**

**PRAZA MAIOR, 1
Telf.: 988.530.007 - Fax: 988.530.008
32500 O Carballiño (Ourense)**

Adoptada providencia para o efecto, o Concello comunicará ao/á beneficiario/a da subvención a iniciación do procedemento de reintegro e as causas que o fundamenten, dando audiencia á interesada para que, nun prazo de 15 días, formule as alegacións que considere oportunas e presente os documentos ou xustificacións que estime pertinentes.

Recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo sen que se formularon, polo Concelleiro delegado do Departamento de Promoción económica ditarase resolución motivada, con expresión do réxime de recursos.

Se a resolución estimase a existencia de incumprimento, declarará a perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, a obrigação de reintegrar á Tesourería Municipal as cantidades indebidamente percibidas nun prazo de dous meses desde a notificación. Este prazo considerarase como prazo de pago en período voluntario.

En caso de non efectuar o reintegro no prazo previsto, darase inicio ao procedemento de urxencia, conforme á normativa legal aplicable.

Se o procedemento de reintegro iniciouse como consecuencia dunha infracción administrativa, poñerase en coñecemento do órgano competente para a iniciación do procedemento sancionador aplicable.

Base 20. Entrada en vigor

As presentes bases entrarán en vigor, previa inclusión do anuncio extractado na Base Nacional de Subvencións, ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

Base 21. Normativa de aplicación

Esta convocatoria réxese polas súas Bases de execución orzamentaria, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a ordenanza reguladora de subvencións e axudas do Concello de O Carballiño (BOP número 49 do 2 de maio de 2005), as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 22. Cláusula de confidencialidade

O Departamento de Promoción Económica do Concello de O Carballiño, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informa que os datos persoais das persoas solicitantes serán incluídos no ficheiro "Xestión de actividades do departamento", cuxa finalidade é a xestión das actividades do Departamento de Promoción Económica, podendo se o desexan exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ás Oficinas do Concello de O Carballiño.

<DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE>